

EXPLICACIÓN TAREFA TEXTO **ARISTÓTELES CIUDADÁN (POLITES).**

1. **NOCIÓN DE CIUDADANÍA:** O concepto que mellor define ao **ciudadán (polites)** é o de **participación**, pois como o filósofo grego afirma, ao cidadán recoñéceselle por participar nas actividades propias da **comunidade política (koinoné politiké)**, a saber, impartir xustiza nos tribunais de xustiza e legislar, en tanto que é membro da **asamblea legislativa**. En ambas actividades políticas xoga un papel fundamental a **deliberación (bouleúsis)**; por esta razón tamén podemos dicir que a deliberación é outro concepto que define ao cidadán, posto que para dictar sentenza ou elaborar as leis faise precisa a deliberación pública. Outros conceptos clave da noción aristotélica de cidadanía son os de **isonomía** e **isegoría**, a saber, a igualdade de dereitos políticos que implica participar nas deliberacións das institucións políticas da polis.

Pero, volvamos un intre sobre a noción de **participación** porque permítenos ver a diferenza entre o **concepto republicano (aristotélico) de cidadanía** e a **visión liberal do cidadán**. Antes que nada, hai que indicar que o **pensamento político liberal** adoita empregar preferentemente a palabra **individuo** en troques do concepto politicamente máis forte de **ciudadán**. Para os liberais, o individuo é suxeito de dereitos e liberdades, que non dependen da súa participación política. De feito, o liberalismo avoga por un **sistema de goberno representativo** no que os individuos-ciudadáns delegan as funcións políticas en mans dos seus representantes elixidos mediante sufraxio.

Para o **republicanismo**, o cidadán é aquel que participa directamente na política, e esa participación política activa é a que lle permite exercer os seus dereitos e liberdades políticas. Calquera cidadán pode exercer as actividades propias da política: un cidadán calquera pode ser designado para formar parte dun tribunal de xustiza, ou para executar unha decisión da asamblea cidadá, e todos deben intervir na asamblea legislativa que elabora as leis polas que se rixe a polis. Así, a política concíbese en termos de participación e deliberación colectiva (non é unha actividade exclusiva da *clase política*).

2. **ACTIVIDADE DO CIUDADÁN:** As actividades propias do **ciudadán**, en opinión de Aristóteles, serían a **actividade assemblearia**, de gobernar e de legislar, e a **actividade xudicial**. E para ambas é precisa a **deliberación** entre cidadáns, unha deliberación colectiva na que participan directamente os cidadáns, xa que Aristóteles non concibe a política en termos de representación (liberalismo), senón de **participación (republicanismo)**. Por tanto, todos os **poderes do Estado** (da cidade-estado republicana) están en mans da cidadanía: o **poder legislativo**, para elaborar as leis da polis, o **poder xudicial** para impartir xustiza e sancionar as infraccións da lei, e tamén o **poder executivo**, pois, aqueles cidadáns a quen a asamblea cívica otorga temporalmente a capacidade de executar as decisións políticas son elixidos polos propios cidadáns.

As **virtudes cívico-políticas (areté politiké)** necesarias para ser un **bo cidadán** son aquelas cualidades imprescindibles para o exercicio da política entendido como

deliberación. Todas aquelas capacidades que nos axuden a unha mellor deliberación pública, son virtudes esixibles para a cidadanía. Pensa: ¿que cualidades precisa unha persoa para poder deliberar cos seus concidadáns?

Somos quen de participar politicamente na medida en que somos capaces de deliberar. Os seres humanos podemos deliberar porque somos *por natureza* animais dotados para a política (a deliberación pública) posto que posuímos a **palabra (lógos)**. A posesión da **linguaxe** convértenos en **animais políticos** capaces de actuar politicamente, de deliberar cos nosos concidadáns. En Aristóteles existe un forte vínculo entre **lógos** e **polis**, entre linguaxe e política. **Hannah Arendt**, a filósofa política máis importante do século XX, moitas veces etiquetada como *neoaristotélica*, afirma no seu libro ¿Que é política?: “Wo das Sprechen aufhört, hört Politik auf”. Frase que se podería traducir como *onde remata a fala ou o falar (a linguaxe), termina a política*.

3. **EXCLUSIÓNS DA CIDADANÍA:** O concepto de *cidadán* en Aristóteles recolle o que foi a realidade histórica da **democracia ateniense**, que foi unha democracia que practicaba **exclusións** dentro da cidadanía: quedaban excluídos do estatus de cidadán, as mulleres, os estranxeiros (*metekoi*) e os escravos. Por tanto, a cidadanía ficaba restrinxida a unha minoría da poboación total de Atenas (apenas un 20 por cen dos seus habitantes), integrada por varóns, nados de nai e pai atenienses e que foran homes libres. Así pois, en relación á experiencia política real da polis de Atenas, no breve período democrático que viviu durante parte do século V a.E., falamos de **cidadanía exclusiva** (a diferenza da noción de cidadanía inclusiva).

Tamén o **modelo teórico da cidadanía aristotélica** é **exclusivo**. Aristóteles exclúe da cidadanía aos **estranxeiros**, que, sin embargo, posúen certas liberdades (que, en terminoloxía liberal, definiríamos como civís), exclúe aos **escravos**, xa que carecen dos atributos que definen aos cidadáns, a saber, a liberdade e a igualdade, debido a que están sometidos ao dominio do amo. Tamén exclúe temporalmente da cidadanía aos **anciáns** e aos **nenos**, porque en ambos casos hai unha significativa carencia da capacidade deliberativa ligada ao uso do pensamento-linguaxe (lógos). Pero, nestes dous exemplos, trátase de exclusións temporais: no caso dos anciáns, xa foron cidadáns, pero deixan de selo a partir dunha idade en que as capacidades que os habilitaban para a participación política merman gravemente. No caso dos nenos, a exclusión tamén é temporal, ate que adquiran o pleno desenvolvemento das súas capacidades lingüísticas para poder intervir na política deliberativa. No texto obxecto da tarefa, tamén se menciona que os cidadáns que cometerán algún grave delito ao infrinxir as leis da polis quedan temporal ou permanentemente apartados do exercicio activo da cidadanía. Finalmente, e aínda que no texto non se mencione, quedan excluídas da cidadanía as **mulleres**, porque, se ben posúen lógos, este está dominado polas paixóns que prevalecen na alma feminina.

O concepto ou a noción teórica de cidadanía en Aristóteles permítenos reflexionar acerca da **cidadanía** nas nosas **actuais democracias**: a **cidadanía española** ou **europea**, ¿é **exclusiva** ou **inclusiva**?, ¿que **exclusións** se practican hoxe en día dentro do territorio do Estado español ou da UE?

4. **MANDAR E OBEDECER POR QUENDAS:** O mando político e a obediencia política van por quendas: cidadán é aquel que **manda e obedece por turnos**, unha vez é quen manda, xa que foi elixido polos seus concidadáns para levar a cabo unha determinada función netamente política, pero outras veces obedece a outro ou a outros cidadáns que mandan. Hai unha importante diferenza entre o mando e a obediencia na cidade e na familia: na casa familiar (oíkos) manda sempre a mesma persoa: o pai-amo-esposo que ostenta o goberno da casa (nunca mellor dito o de *ostentar*), mentras que na **cidade** o **mando político** vai **por quendas**, non sempre exercen as mesmas funcións de mando os mesmos cidadáns, senón que se van turnando.

Ao falar de que o cidadán debe aprender a mandar a base de obedecer, o filósofo grego estaría a falar dunha especie de ***paideia* política**, da necesidade dunha pedagogía ou **educación política** (a cargo do propio Estado) que é preciso adquirir para exercer a política. A noción de cidadanía republicana de Aristóteles é moi esixente: o exercicio da cidadanía require da posesión de certas **virtudes políticas (areté politiké)**, necesarias para a deliberación colectiva. Ademais, só hai **cidadáns (polites)** na **politeía (república)**; por tanto, non se pode falar propiamente nin de política nin de cidadanía fóra da politeía, da **polis republicana**. Repara que, en grego, esa mesma palabra (politeía) designa a política e o mellor dos réximes políticos, segundo Aristóteles. É como se Aristóteles equiparase política e república, xa sabemos que o réxime político que máis se lle aproxima é a **democracia (demokratía)**. Así pois, temos este paradoxo: que, en sentido estricto, os outros réximes políticos (tiranía, monarquía, aristocracia, oligarquía) non serían propiamente políticos, e polo tanto, neles non habería tampouco, falando *sensu estricto*, cidadáns.